

# REVISTA GALLEGA DE DIREITO SOCIAL

REGULACION DE EMPREGO

## RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado na marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don J.V.A., en calidade de traballador da empresa referenciada, contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra do 26 de xaneiro de 2001 e, tendo en conta os seguintes:

### Feitos

PRIMEIRO.- O 11 de xaneiro de 2001 tivo entrada na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, solicitude de don A.A.M., en calidade de propietario da empresa A.A.M., pola que se insta a autorización para proceder a unha nova suspensión da relación xurídico laboral do traballador don J.V.A., tripulante do buque N., dende o 1 de xaneiro de 2001 ata o 31 de xaneiro de 2001, consonte coa orde o 28 de decembro de 2000 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e, por causa de forza maior, dado que, ao día da data non se produciu ningún acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos que permita o inicio da actividade pesqueira polo que o buque segue paralizado no porto.

O presente expediente ten causa dun anterior (expediente nº 79/00) no que se autorizaba a suspensión temporal dos traballadores dende o 01.06.00 ata o 31.12.000, quedando aberta a posibilidade de prorrogar a suspensión a través dun novo expediente no caso de non chegar a acadar un acordo pesqueiro.

SEGUNDO.- A devandita solicitude, coa que se achega diversa documentación é completada, logo do requirimento feito pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, aportando un certificado da Capitanía Marítima de Vigo no que consta que o buque Norte causou baixa por desguace o 04.01.00.

TERCEIRO.- A delegación provincial, logo da tramitación e da instrución oportuna, dictou o 26 de xaneiro de 2001 a resolución que agora se impugna, onde na súa parte dispositiva resolveu DESESTIMAR a petición formulada pola empresa A.A.M. e, en consecuencia non autorizar a suspensión do contrato de traballo de don J.V.A. por non concorrer as causas xustificativas de forza maior.

Así mesmo, tivéronse á vista os expedientes nº 263/99 e 79/00, promovidos pola empresa A.A.M., nos que se solicitaba a suspensión de contrato para o tripulante do buque N.

A citada resolución baséase no FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO do que o seu teor literal di:

*“SEGUNDO: Que do conxunto da documentación que consta no expediente e tal como se especifica co certificado da Capitanía Marítima de Vigo antes mencionado, o buque nomeado Norte causou baixa por despezamento o día 4 de xaneiro de 2000, o que significa que o feito causante do expediente deixa de ser motivado por causa de forza maior. Por todo o exposto, non é posible acceder a petición empresarial, polo que, ao abeiro do disposto nos artigos 47.2 e 51.12 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo,*

*e no artigo 17 do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, procede non autorizar unha nova suspensión do contrato de traballo do produtor da relación anexa, don J.V.A.”.*

CUARTO.- Contra a citada resolución, don J.V.A. interpuxo o recurso de alzada citado no encabezamento no que, tralas argumentacións que considerou oportunas en defensa da súa pretensión e, que se dan aquí por reproducidas, solicita que se autorice a súa solicitude do expediente de regulación de emprego e se lle sigan abonando as axudas concedidas para a flota que faenaba no Reino de Marrocos.

QUINTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984) sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego; Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG do 17 de xaneiro de 1985); Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo; Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- As alegacións efectuadas a través do recurso de alzada polo traballador don J.V.A., non desvirtúan os argumentos da resolución de primeira instancia, dado que o recorrente solicita que se conceda a solicitude do expediente de regulación de emprego solicitado pola empresa, e esta solicitaba unha nova suspensión da relación xurídico-laboral do citado traballador en base a unha causa de forza maior, cal era a inmovilización do buque como consecuencia da finalización do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos. AO respecto, procede facer as seguintes consideracións:

1. O artigo 89.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinala expresamente que *“nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este...”*. Por congruencia enténdese, así, a vinculación do órgano decisor coa pretensión ou pretensión deducidas ante el, de xeito que a súa decisión ha de resolver só o formulado polo solicitante.

En consecuencia, requírese a concordancia da parte dispositiva ou resolve coas pretensións oportunamente formuladas na petición ou súplica do escrito de solicitude da parte. Así, no presente suposto, a empresa solicita a autorización para suspender a relación xurídico-laboral cun único traballador, baseándose no suposto de forza maior.

Sen embargo, o certificado emitido pola Capitanía Marítima de Vigo, con data do 22 de xaneiro de 2001, sinala expresamente que o buque “N.” causou baixa por desguace con data do 4 de xaneiro de 2000. En consecuencia, a autoridade laboral constatou que non existe a causa de forza maior na que a empresa basea a súa petición.

2. A maior abundamento, procede sinalar que o desguace tampouco pode ser conceptuado como un suposto de forza maior e isto por canto, este concepto debe ser

restrinxido a un acontecemento que as partes non poideran prever, ou que, previsto non poideran evitar, de modo que o seu carácter catastrófico exorbita por completo a vontade e a conduta das partes. A derogada Lei do contrato de traballo (Decretos de 26 de xaneiro e de 31 de marzo de 1944) orienta o concepto de forza maior ao definir como tal circunstancias como incendio, inundación, terremoto, praga do campo, guerra, tumulto ou sedición. Trátase, de *“sucesos que non poideran preverse”, conforme ao artigo 1.105 do Código Civil, que “conveñen a feitos ... que, aínda non imposibles físicamente e, polo tanto, previsibles en teoría, non son dos que poida calcular unha conduta prudente atenta ás eventualidades que o curso da vida permite esperar”* (sentenza do Tribunal Supremo de 18.11.80 e outras). En efecto, o que singulariza a forza maior como causa de suspensión dos contratos de traballo, é constituír un acontecemento externo ao círculo da empresa, e como tal extraordinario, de todo independente da vontade do empresario respecto ás consecuencias que acarrea en orde á prestación do traballo (sentenza do Tribunal Supremo de 25.07.89). Este concepto de forza maior non se corresponde co suposto de desguace, pois non se dan as notas de inimputabilidade, inevitabilidade, imposibilidade e causalidade suficiente, tal e como reiteradamente manifestou o Tribunal Supremo.

3. Sinalar, finalmente, que a tramitación dun expediente de regulación de emprego por causa de forza maior, debe facerse conforme ao disposto nos arts. 17 e seguintes do R.d. 43/1996 e 51.12 do Estatuto dos Traballadores. Segundo estes artigos, o procedemento a seguir esixe solicitude da empresa, actuacións e informes que a autoridade laboral considere pertinentes e resolución. Non se esixe o período de consultas cos representantes dos traballadores, ou cos traballadores directamente, de ser o caso, xa que ao tratarse dunha constatación pola autoridade laboral da citada forza maior, non é susceptible de pacto ningún. Polo tanto, non resulta vinculante para a autoridade laboral o acordo acadado entre a empresa e o traballador afectado.

Polo exposto, procede desestimar o devandito recurso e confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### **Acorda**

Desestimar o recurso de alzada presentado por don J.V.A. contra a resolución de data do 26 de xaneiro de 2001 da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra, en Vigo, no expediente de regulación de emprego nº 22/01 (Pontevedra), e, en consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en todos os seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso formulado por don T.C.F., en nome e representación da entidade mercantil “F., S.L.”, armadora do Buque V.S., contra a resolución de

data 03.03.00 dictada pola Delegación Provincial de Lugo da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e tendo en conta os seguintes

## Feitos

PRIMEIRO.- En data 03.02.00 tivo entrada na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, solicitude da empresa arriba referenciada, interesando autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico-laborais de 13 traballadores dos 14 que integran a dotación do Buque V.S., a partir do 16 de febreiro do 2000, e por un período de tempo aproximado de 40 días, fundamentando dita solicitude en causas técnicas derivadas da realización de diversas obras de reparación do motor principal da citada embarcación.

Á solicitude presentada pola empresa acompañábase diversa documentación:

Relación do persoal afectado, especificando as circunstancias personais e profesionais dos traballadores.

b) Comunicación dirixida aos traballadores en relación á tramitación do expediente.

c) Documento acreditativo da conformidade prestada polos traballadores afectados polo expediente.

d) Certificado do taller que efectuará as obras de reparación.

SEGUNDO.- En data 11.02.00 pola Delegación Provincial foi efectuado requirimento de subsanación de documentación incompleta, polo que se require á empresa a que aporte certificado da Capitanía Marítima correspondente, acreditativa do amarre do buque e desenrolo da tripulación, así coma declaración do número e datos dos traballadores afectados polo expediente de regulación temporal de emprego instado.

En cumprimento do mesmo a empresa presentou en data 15.02.00 un escrito no que se solicita a ampliación do prazo concedido para aportar a documentación requirida e relativa ao certificado de Capitanía Marítima, ao non producirse o desembarque da tripulación ata o 24.02.00 (certificación que foi así presentada na Delegación Provincial o 01.03.00). Xunto co citado escrito, achega relación complementaria de traballadores afectados, na que constan os datos relativos a un traballador omitido por erro na relación inicial, xunto cun novo certificado do taller encargado de realizar as obras de reparación.

TERCEIRO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrución oportuna e do preceptivo informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Lugo, dictou a Resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva resolve: *“AUTORIZAR A suspensión das relacións laborais solicitada por don T.C.F. como representante do buque “V.S.” cos 13 traballadores afectados dos 14 que integran a dotación do buque, e que figuran na relación que se adxunta, polo tempo que dure a inmovilización efectiva cun límite de 40 días, a contar dende a data da presente resolución, co fin de realizar as obras de reparación solicitadas, autorización outorgada ao abeiro dos artigos 11 e 15 do Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, e á vista do acordo acadado cos traballadores no período de consultas, con dereito ao percibo das prestacións por desemprego sempre e cando reúna os requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente.”*

Dito pronunciamento ten o seu fundamento nos razoamentos recollidos nos FUNDAMENTOS XURÍDICOS SEGUNDO e TERCEIRO, que son do seguinte teor literal:

*“SEGUNDO: Que, tendo en conta que, de conformidade co dereito consuetudinario implantado tra-la vixencia das ordenanzas laborais, derogadas expresamente o 31 de decembro de 1995, as embarcacións que precisen reparacións que supoñan a paralización da actividade por tempo superior a un mes, e o acrediten debidamente, poderán solicitar da autoridade laboral a suspensión das relacións laborais da súa tripulación polo tempo necesario para efectuar a mesma, situación prevista así mesmo no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, e no artigo 20 do R.D. 43/1996, de 19 de xaneiro, cando da documentación obrante no expediente se desprenda razoablemente que tal medida temporal é necesaria para a superación dunha situación de carácter conxuntural da actividade da empresa.*

*TERCEIRO: Que, do conxunto das actuacións, resulta acreditada a causa técnica alegada polo representante da empresa como consecuencia das obras de revisión e reparación da embarcación, o que provoca a paralización da súa actividade e lle impide a continuación das faenas pesqueiras por tempo superior a un mes, dando lugar a unha situación de carácter conxuntural superable tra-la medida solicitada polo que, non apreciándose a existencia do dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas procede, de conformidade co artigo 51 en relación co 47 do Estatuto dos traballadores e 11 do R. D. 43/1996, de 19 de xaneiro, autorizar a suspensión solicitada”.*

CUARTO.- Contra a antedita Resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento da presente, no que, tralas alegacións que se estimaron convenientes en defensa da súa pretensión e que se dan aquí por reproducidas, se solicita que se dicte nova resolución deixando sen efecto a recorrida, e se autorice a suspensión temporal da relación cos traballadores que integran a dotación do buque V.S. dende o 24.02.00 e por un período máximo de 40 días.

QUINTO.- De acordo co preceptuado no artigo 114.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, remitiu a esta Dirección Xeral de Relacións Laborais o expediente xunto co recurso e mailo seu preceptivo informe.

SEXTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente do que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984) sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego; Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG do 17 de xaneiro de 1985); Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- A solicitude final a que se contrae o presente recurso, isto é, a retroacción dos efectos da suspensión das relacións laborais, suspensión autorizada por medio de resolución dictada en data 03.03.00 pola Delegación Provincial de Lugo da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, ao día 24.02.00, é apoiada e fundamentada polo recorrente no que considera unha errónea actuación da Administración, ao incumprir os prazos establecidos para dictar resolución de conformidade do establecido no art. 11 do R. D. 43/1996, de 19 de xaneiro, xa que segundo o este precepto, a devandita resolución debería terse dictado a máis tardar o 17.02.00, isto é, dentro dos 15 días naturais desde a solicitude efectuada, tendo en conta que a falta de documentos imprescindibles (da que foi requirida para a súa presentación pola Delegación Provincial), subsanouse “dentro do mesmo prazo” non sendo esixible a entrega de certificados de desenrolo.

Á vista do exposto débese significar en primeiro lugar que a resolución dictada pola Delegación Provincial de Lugo da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, con data do 03.03.00, foi dictada cumprindo de xeito escrupuloso e máis que riguroso a normativa de aplicación ao suposto que nos ocupa, o que inclúe o respecto dos prazos establecidos para estes efectos.

En segundo lugar do exame da documentación obrante no expediente, cabe unicamente extraer que a delegación provincial xa sinalada, levou a cabo unha máis que dilixente instrución, ordenación e resolución de solicitude de regulación temporal de emprego presentada polo agora recorrente.

E isto polas seguintes razóns:

-En primeiro lugar, sinalar que o recorrente deu cumprimento total ao requirimento de subsanación da documentación incompleta, efectuado pola entidade laboral, como xa se reflectiu no FEITO SEGUNDO da presente, en data 01.03.00. Neste día, achegou o certificado emitido pola Capitanía Marítima de Burela, na que consta a data de amarre do buque e desembarco da tripulación, data na que e sen lugar a dúbidas empezaran a correr os prazos para dictar resolución de acordo co establecido no art. 6.2 do R.d. 43/1996, do 19 de xaneiro.

-Polo demáis e en resposta as alegacións do recorrente hai que sinalar que a referida certificación considérase imprescindible sendo de todo punto necesaria ao efecto de comprobar a veracidade da causa invocada polo solicitante e que motivou o expediente presentado.

Hai que sinalar a maior abundamento que o recorrente solicitou en data 15.02.2000 a ampliación do prazo concedido no requirimento efectuado, debéndose insistir novamente na “máis que dilixente a actuación da administración”, se temos en conta que a resolución foi dictada o 03.03.00, isto é 2 días despois de que tivera entrada na Delegación Provincial a documentación solicitada.

TERCEIRO.- Por último e a maior abundamento hai que sinalar que, tal e como se deriva do establecido no art. 51.12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, en relación co art. 15 do Real Decreto 43/1996, do 4 de xaneiro, as resolucións recaídas en procedementos de regulación de emprego producirán efectos desde a data na que se dicta, agás nos supostos de forza maior.

Neste sentido, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza vén sinalando, entre outras, nas sentenzas de data 09.11.98 e 23.03.00 que só cabe recoñecer efectos

retroactivos á resolución administrativa cando se trata de supostos de forza maior, de tal modo que nas demais circunstancias, incluídos os motivos técnicos, cal é o presente caso, os efectos da resolución administrativa prodúcense desde que se dicta, de xeito que a autoridade laboral en ningún caso está facultada para retrotraer os efectos resolutorios ao momento inmediatamente anterior á resolución autorizante.

Constátase, pois, que non nos atopamos nun suposto de forza maior, xa que as causas alegadas pola empresa entran dentro do propio risco empresarial e son consecuencia do desenvolvemento da súa actividade, polo que deben conceptuarse como técnicas, non resultando acreditada, de conformidade coa documentación aportada, a existencia doutra circunstancia que puidera conceptuarse como causante dun suposto de forza maior, para os efectos de outorgar eficacia retroactiva á resolución dictada o 03.03.00.

Así as cousas, non se poden senón concluír coa imposibilidade de recoñecer eficacia retroactiva á resolución recorrida.

Por todo o anterior, procede desestimar o recurso de instancia presentado, e confirmar a resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS,

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don T.C.F. en nome e representación da empresa “F., S.L.”, armadora do Buque V.S., contra a resolución de data 03.03.00, dictada pola Delegación Provincial de Lugo da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 3/2000 promovido pola citada empresa, e, na súa consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en tódolos seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don R.G.F., avogado, en nome e representación da empresa “P.H., S.A.” contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais en a Coruña de data 16 de agosto de 2002 e, tendo en conta os seguinte

### **Feitos**

PRIMEIRO.- Con data do 1 de xullo de 2002, tivo entrada na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, solicitude presentada por don J.L.H.C., en calidade de administrador único da empresa “P.H., S.A.”, pola que se insta a autorización para proceder á extinción das relacións xurídico laborais



da totalidade do seu cadro de persoal, composto por vintecatro traballadores. A esta solicitude acompaña diversa documentación. A empresa fundamenta a súa petición en causas económicas debido a que acometeu un ambicioso proxecto de aproveitamento enerxético mediante a construción dunha pranta de coxeneración alimentada con gasóleo, que se viu truncado por ter que recorrer a financiación allea dada a imposibilidade de financiarla cos ingresos típicos da actividade a consecuencia da subida do petróleo nos anos 1998 a 2000, o que levou a empresa a non cumprir algúns compromisos de pago que alertaron aos acredores da sociedade e que provocaron o peche do crédito bancario. Todo iso obrigou a empresa a solicitar a situación legal de suspensión de pagos, que foi admitida a trámite polo Xulgado de Betanzos.

SEGUNDO.- Con data do 03.07.02 a Delegación Provincial da Coruña remite á empresa requirimento de subsanación da documentación incompleta, coa conseguente comunicación de suspensión do prazo para dictar resolución, de conformidade co disposto no artigo 6.2º do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro. Requíreselle a seguinte documentación:

- a) Documentación económica debidamente auditada, acreditativa do estado e evolución da súa situación económica, financeira e patrimonial dos tres últimos anos.
- b) Número e categoría dos traballadores empregados habitualmente durante o último ano.
- c) Escrito de solicitude de informe dirixido aos representantes legais dos traballadores.
- d) Informe dos interventores xudiciais da suspensión de pagos, en relación coas extincións solicitadas pola empresa.
- e) Copia da Acta das eleccións sindicais do nomeamento dos dous representantes legais dos traballadores.

En data 16.07.02 tivo entrada na Delegación Provincial, a contestación da empresa ao requirimento efectuado, agás no tocante á documentación económica.

TERCEIRO.- A Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, consonte ao sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Lexislativo 1/995, do 24 de marzo, e art. 9 do Real Decreto 43/96, do 19 de xaneiro, comunicou o inicio do expediente á entidade xestora da prestación de desemprego e recabou o preceptivo informe da Inspección de Trabalo e Seguridade Social, sendo este último do seguinte teor literal :

*“Con relación al informe sobre las causas motivadoras del expediente de regulación de empleo expte nº 93/02, seguido a instancia de la empresa “P.H., S.A.” se le informa lo siguiente :*

1º) Se giró visita de inspección a las instalaciones sitas en ..., el día 23.07.02, no encontrándose la fábrica en proceso productivo, solo se encuentra en las dependencias administrativas a M.H.S., Mª.J.H.P. y L.F.M., el resto de trabajadores, según declaro Mª.J.H.P., se encontraba en sus casas por no tener actividad la empresa,

2º) *Se solicitó de la empresa balance de situación y cuenta de pérdidas y ganancias cerrada al día de la visita así como documentos de cotización y nóminas de las trabajadoras, compareciendo la empresa en la Inspección de Trabajo el día 24.07.02.*

3º) *La empresa no aporta las cuentas anuais, dada la intervención judicial, alegando que la documentación obra en el Juzgado.*

4º) *Examinado la documentación óbrante en el expediente en concreto el informe emitido por los interventores de la suspensión de pagos se señalan las siguientes causas desencadenantes de la insolvencia de la empresa :*

- *Elevación del prezo de las materias primas*
- *Construcción de una planta de cogeneración.*
- *Importación de otros países europeos a menores prezos*
- *Competencia de las grandes firmas extranjeras*
- *Gastos financieros elevados.*

5º) *La antigüedad del trabajador J.M.C.R., DNI ... es de 03.10.98."*

CUARTO.- Con data 31.07.02 recíbese escrito de don J.L.H.C. comunicando que o período de consultas cos representantes dos traballadores concluíu sen acordo e ademais que estes se negan a celebrar unha segunda reunión. Tamén indican que a antigüidade do traballador J.M.C.R. é dende o 03.10.88, así como que o Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Betanzos dictou Auto con dada 23 de xullo de 2002 declarando á empresa en estado legal de suspensión de pagos fixando fecha para a celebración da xunta de acredores.

QUINTO.- Con data 02.08.02 recíbense informes da representación legal dos traballadores así como por parte da central sindical CC.OO., opoñéndose ao expediente de regulación de emprego dado que non poden emitir unha opinión sobre a situación económica da empresa porque esta non lle facilitou a documentación mínima, aparte de crear unha indefensión aos traballadores por non convocar unha segunda reunión dentro do período de consultas en aras da posibilidade de chegar a un acordo. Destes informes, pola Delegación Provincial deuse traslado á empresa (que as recibiu o 08.08.02) para que no prazo de tres días poida facer as consideracións que estime oportunas. O 16 de agosto a empresa presenta escrito desmentindo o manifestado no informe da representación legal dos traballadores ademais de poñer en coñecemento determinados incidentes levados a cabo polos traballadores e insistir en que a empresa non está obrigada a presentar a documentación auditada solicitada no seu día pola Delegación Provincial.

SEXTO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña dictou en data 16.08.02 a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva RSOLVE: "DESESTIMAR a petición formulada pola empresa "P.H., S.A." na que solicitaba a EXTINCIÓN dos contratos de traballo cos vintecatros traballadores ao seu servizo, procedéndose o arquivo do expediente..

Dito pronunciamento ten a súa argumentación nos razoamentos recollidos no FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO, que é do seguinte teor literal :

*"Segundo.- Que a vista da documentación aportada o presente expediente de solitud de extinción das relacións xurídico-laborais dos vintecatros traballadores por parte da empresa "P.H., S.A.", obsérvase que a solicitante non aporta a debidamente auditada a documentación preceptiva da situación económica, financeira e patrimonial dos tres últimos anos, pese a haber sido requirido para elo en tempo e forma, tal e como se esta-*

*blece nos art.. 6.1.a) e 6.2, do Real decreto 43/96, de 19 de xaneiro, mantendo o criterio de non ter a obriga de non ter que presentalas auditadas. Así mesmo despréndese que a Empresa, non acredita dentro da documentación presentada no inicio do expediente, nin tampouco co alegado pola mesma o 16.08.02, de haber cumprimentado o trámite preceptivo de entrega de toda a documentación establecida á representación legal dos traballadores, pois si ben aportase escrito de comunicación de apertura do preceptivo período de consultas, así como da entrega da correspondente documentación dirixida pola Empresa á representación legal dos traballadores, non figura en dito documento o “recibí” da documentación preceptiva, figurando soamente no documento citado o asino do administrador da empresa, incumpríndose en ámbolos dous casos uns trámites de carácter preceptivo, por elo, habida conta do exposto, e ao non terse cumprimentado o procedemento regulado nos textos legais citados con anterioridade, procede sen máis trámites desestimar a petición formulada, por defectos formais na súa presentación.”*

SÉTIMO.- Contra a citada resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento en data 06.09.02, no que, tralas consideracións e argumentos que consideraron máis convenientes en defensa da súa pretensión, e que se dan eiquí por reproducidas, solicitan a anulación da mesma.

OITAVO.- Do escrito do recurso deuse traslado pola Delegación Provincial da Coruña ao Delegado de Persoal da empresa para aos efectos de que, á vista do mesmo se formularan as alegacións que estimasen pertinentes, cumpríndose dito trámite mediante a presentación do oportuno escrito no que manifestan a súa desconformidade co expediente de regulación de emprego.

NOVENO.- De conformidade co preceptuado no art. 114.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Delegación Provincial remitiu o expediente e mailo seu correspondente preceptivo informe que, en definitiva, di que a mesma (a resolución) foi dictada en base aos datos obrantes no expediente, nos que a empresa incumpre os trámites de aportación da documentación económica debidamente auditada, así como acreditar a entrega de toda a documentación establecida nos arts. 6.1.a) e 6.2, do Real Decreto 43/96, do 19 de xaneiro.

DÉCIMO.- En data 12 de novembro recíbese escrito da delegación provincial co que se achega outro presentado por don H.N.S., representante legal dos traballadores ao que acompaña sentenza dictada polo Xulgado do Social número 1 da Coruña, de data 18 de outubro de 2002, en autos nº 611/02 e acumulados, seguidos sobre extinción de contrato de traballo e despido, sentenza pola que, estimándose a demanda, declara extinguida a relación laboral dos traballadores demandantes ao abeiro do art. 50 do Estatuto dos Traballadores.

UNDÉCIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984) sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego; Decre-

to 188/1984, do 29 de novembro (DOG do 17 de xaneiro de 1985); Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo; Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Examinado o recurso de alzada presentado, obxecto da presente resolución, así como o resto da documentación obrante no expediente, e da que trae causa a decisión recorrida e en orde a revisar o acerto ou non da mesma, significar o seguinte:

No que ao procedemento de regulación de emprego se refire, o art. 5 do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de acutación administrativa en materia de traslados colectivos, establece expresamente que *“o procedemento de regulación de emprego se iniciará mediante solicitude do empresario dirixida á autoridade laboral competente, procedendo simultaneamente mediante comunicación escrita, á apertura dun período de consultas aos representantes legais dos traballadores ...”*.

Así mesmo, e para os efectos que aquí interesan, no art. 6.1º, no que respecta ao contido mínimo co que debe formalizarse a solicitude de iniciación dun procedemento de regulación de emprego, esixe expresamente no parágrafo a), que se achegue unha *“memoria explicativa das causas ou motivos do proxecto de despido colectivo, acompañando para estes efectos toda a documentación que ao seu dereito conveña e particularmente, se a causa aducida pola empresa é de índole económica, a documentación debidamente auditada acreditativa do estado e evolución da súa situación económica, financeira e patrimonial nos tres últimos anos ...”*.

Por último, é necesario traer a colación aquí o disposto no apartado 2º do mesmo art. 6 que establece que *“2. Para os efectos do artigo 51.3 do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, se a solicitude de iniciación do expediente de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción non reunise os requisitos legais esixidos, a autoridade laboral, nun prazo de dez días, coa advertencia de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, con arquivo das actuacións; unha vez subsanado, comezarán a computar os prazos aos que se refire o artigo 51.4 da referida Lei. Copia da subsanación que se leva a efecto terá que remitirse en igual prazo á representación legal dos traballadores”*.

Así, á vista da normativa vixente de aplicación referenciada, non cabe por máis que concluír no acerto da resolución de instancia, dictada en base á documentación obrante no expediente e con arranxo e respecto absoluto ao disposto naquela, carecendo de entidade suficiente as alegacións aducidas polo recorrente para os efectos de desvirtuar o seu acerto.

Así, en canto á obriga de presentar as contas auditadas, reitérase que o artigo 6.1. do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, é claro ao sinalar expresamente que a solicitude de iniciación do procedemento de regulación de emprego baseado en causas económicas, debe conter entre outras, a documentación debidamente auditada acreditativa do estado e evolución da súa situación económica, financeira e patrimonial nos últimos

tres anos, tendo esta norma carácter preceptivo, polo que non procede que a empresa trate de exonerarse desta obriga en atención aos gastos que a súa realización lle comportaría ou á inexistencia de obriga legal de auditar as súas contas conforme á lexislación mercantil xeral. Non debe esquecerse que nos atopamos ante un procedemento específico, sometido a unhas normas e requisitos debidamente regulamentados, que deben ser respectados, en todo caso, polas partes.

Así, polo anteriormente exposto é polo que procede DESESTIMAR o recurso de alzada presentado, non sendo necesario e preciso entrar en ningunha outra consideración ao respecto, xa que o obxecto ao que se contrae o presente recurso é se a decisión adoptada pola delegación provincial de proceder ao arquivo da solicitude presentada era conforme a dereito, feito este que queda adverado ao longo da presente.

Vistos os preceptos legais de xeral e pertinente aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don Rafael Gaisse Fariña contra a resolución da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña en data 16 de agosto de 2002, no expediente de regulación de emprego nº 93/02 e, na súa consecuencia, confirmar a resolución de instancia en tódolos seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don J.P.C., en representación da comunidade de bens “A.P., C.B.” contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo do 16 de outubro de 2000 e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- O 29.09.00 tivo entrada na delegación provincial da entón consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo solicitude formulada por don J.P.C., en calidade de representante da comunidade de bens “A.P., C.B.” dedicada á actividade de pesca de cerco, pola que insta a autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico laborais de oito traballadores da súa empresa por un período de 45 días a contar dende o 14 de setembro de 2000, alegando causas técnicas por atoparse o buque sometido a diversas obras a consecuencia da ruptura do motor principal.

SEGUNDO.- Á devandita solicitude acompáñase a seguinte documentación:

- Copia de constitución da comunidade de bens
- Relación por triplicado do persoal afectado.

- Comunicación á tripulación do inicio do expediente.
- Certificación da Capitanía Marítima de Viveiro acreditando que a tripulación se atopa desenrolada.
- Certificado do taller que levará a cabo as obras.
- Acta de Acordo entre os traballadores e a empresa.
- Copia do código de identificación fiscal.
- Certificación da empresa de que os traballadores carecen de representante legal.

TERCEIRO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e da instrución oportunas dictou o 16 de outubro de 2000 a resolución que agora se impugna, onde na súa parte dispositiva acorda AUTORIZAR a suspensión das relacións laborais solicitada por don J.P.C., como representante da empresa "A.P., C.B.", propietaria do buque pesqueiro "A.P." ao abeiro dos artigos 11 e 15 do Real decreto 43/96, do 19 de xaneiro, e á vista do acordo acadado no período de consultas cos 8 traballadores afectados, que integran a dotación do buque e que figuraban na relación que se adxunta a presente resolución, da que forma parte e na que constan os datos persoais e profesionais de cada un deles, polo tempo previsto para realizar as obras de reparación solicitadas, co límite do día 9 de novembro de 2000, a contar dende a data da presente resolución, con dereito ao percibo das prestacións por desemprego sempre e cando reúnan os requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente.

Dito pronunciamento baséase no FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO E TERCEIRO que son do seguinte teor literal:

*SEGUNDO.- Que, tendo en conta que, de conformidade co dereito consuetudinario implantado tra-la vixencia das ordenanzas laborais, derogadas expresamente o 31 de decembro de 1995, as embarcacións que precisen reparacións que supoñan a paralización da actividade por tempo superior a un mes, e o acrediten debidamente, poderán solicitar da autoridade laboral a suspensión das relacións laborais da súa tripulación polo tempo necesario para efectuar a mesma, situación prevista así mesmo no art. 47 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e no art. 20 do R.d. 43/96, do 19 de xaneiro, cando da documentación obrante no expediente se desprenda razoablemente que tal medida temporal é necesaria para a superación dunha situación de carácter coxuntural da actividade da empresa.*

*TERCEIRO.- Que, do conxunto das actuacións, resulta acreditada a causa técnica alegada polo representante da empresa como consecuencia das obras de reparación da embarcación, o que provoca a paralización da súa actividade e lle impide a continuación das faenas pesqueiras por tempo superior a un mes, dando lugar a unha situación de carácter coxuntural superable tra-la medida solicitada de conformidade coa documentación obrante no expediente polo que, non apreciándose a existencia de dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo acadado no período de consultas procede, de conformidade co art. 51 en relación co 47 do Estatuto dos Traballadores e 11 do R.d. 43/96, do 19 de xaneiro, autorizar a suspensión solicitada".*

CUARTO.- Contra a citada resolución, don J.P.C. interpuxo o recurso de alzada citado no encabezamento, en tempo e forma no que, tralas argumentacións que considerou oportunas en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, pide que se dicte nova resolución pola que, revocando parcialmente a recorrida, se declare

que a suspensión das relacións laborais se debe computar dende o día 14 de setembro de 2000 e non desde a fecha da resolución.

QUINTO.- De acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a delegación provincial remitiu a esta dirección xeral o escrito de recurso, xunto ao seu correspondente expediente e mailo seu preceptivo informe, que nos seus apartados CUARTO E QUINTO establece:

*“CUARTO.- que, da documentación aportada ao expediente se desprende que a suspensión foi tramitada con motivo da causa técnica derivada das obras de reparación na embarcación, procedemento que regula o Capítulo II do R.d. 43/96, do 19 de xaneiro, e que establece, no seu art. 15, que os efectos se producirán dende a data na que se dite a correspondente resolución administrativa, salvo que nela se dispoña outra posterior, polo que considérase improcedente a solicitude formulada polo agora recorrente.*

*QUINTO.- que, con independencia da súa tramitación, no expediente de referencia non se outorgaron efectos retroactivos á resolución ao non apreciarse as connotacións de imprevisibilidade e inevitabilidade que concurren nos expedientes tramitados como consecuencia de forza maior.*

*Polo que antecede, examinado o contido das actuacións e de conformidade coa normativa vixente, este Servizo de Relacións Laborais estima, salvo superior criterio desta Dirección Xeral, que debería manterse o criterio adoptado na resolución dictada por esta Delegación Provincial”.*

SEXTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

## **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións laborais, Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores con relación ao Real decreto 43/96, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- Con respecto ás alegacións aducidas polo recorrente a través do recurso de alzada indicar que non poden ter favorable acollida nesta instancia, e isto polas razóns recollidas no informe emitido pola Delegación Provincial en vía de recurso, transcrito no FEITO QUINTO da presente e que serve de motivación a esta resolución, de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

En ningún caso é posible acceder á solicitude á que se contrae o presente recurso, isto é a que se dite nova resolución pola que, e revocando parcialmente a agora recorrida, se declare que a suspensión das relacións laborais autorizada se compute desde o día 14 de setembro de 2000, e non desde a data da resolución.

Os “motivos” xurídicos, dos que segundo o recurso presentado adolece a referida resolución e nos que se ampara a mesma están perfecta e diafanamente recollidos na normativa vixente de aplicación aos supostos de regulación temporal de emprego por causas técnicas como o que nos ocupa, isto é nos artigos 47 e 51 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, polo que se proba o regulamento dos procedementos de regulación de materia e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos.

O artigo 20 do Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, establece que *“o procedemento para solicitar autorización para proceder á suspender contratos de traballo, en virtude de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción recollidos no artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, será o establecido no artigo 51, daquela norma e no capítulo II deste regulamento”*.

Así o artigo 15 da mesma norma expresamente establece que *“as resolucións administrativas expresas recaídas no procedemento de regulación de emprego se presumirán válidas e producirán efectos na data en que se dicten salvo que nelas se dispoña outra posterior”*.

Esto é polo que as alegacións aducidas polo recurrente carecen de entidade ao efecto de desvirtualo acerto da resolución recorrida dictada en atención a normativa vixente de aplicación.

A maior abundamento significar que soamente nos casos de forza maior é posible retrotraer os efectos das resolucións administrativas dictadas en materia de regulación de emprego (artigo 19 do Real Decreto 43/1996), suposto este que non nos atopamos. Así o corroboran numerosas sentenzas da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (entre outras 09.11.98 e 23.03.00) que sinalan expresamente que só cabe recoñecer efectos retroactivos á resolución administrativa, cando se trata de forza maior, de xeito que nos demais supostos, incluído o presente por causa técnica, en ningún caso a autoridade laboral está facultada para retrotraer os efectos resolutorios ou suspensivos a un momento anterior á resolución autorizante.

En consecuencia, nesta instancia compártense totalmente os argumentos recollidos na resolución dictada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo en data 16 de outubro de 2000 por non ser desvirtuadas polas alegacións contidas no recurso.

Así, polo anteriormente exposto, é polo que procede desestimar o recurso de alzada presentado e confirmar a resolución da delegación provincial desta consellería en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados, de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don J.P.C. contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Lugo, no expediente de regulación de emprego nº 23/00 e, en consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en tódolos seus extremos.



## RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por dona Teresa Suárez Casal contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña do 4 de xaneiro de 2002 e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- O 11 de decembro de 2001 tivo entrada na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, solicitude formulada por dona T.S.C., en representación da empresa do mesmo nome, pola que insta a autorización para proceder á extinción da relación xurídico laboral de dona M<sup>a</sup>.C.R.E. como consecuencia dun furto na súa empresa de dúas máquinas indispensables para seguir desenvolvendo a actividade téxtil á que se dedica: unha remalladora e outra de puntada recta.

*A devandita solicitude, coa que se acompaña unha copia do atestado nº 5 279 formalizada ante a Policía Local de Santiago de Compostela e copia do contrato de traballo indefinido a tempo parcial celebrado ao amparo do Real decreto 5/2001, de dona M<sup>a</sup>.C.R.E., do que se solicita a extinción, foi completada logo do requirimento efectuado pola delegación provincial.*

*O 28 de decembro de 2001 emenda a documentación e achega unha ampliación da dilixencia nº 5 279, na que consta a identificación do denunciado, don T.L.B., e as dúas testemuñas, dona M<sup>a</sup>.C.R.E. e dona M<sup>a</sup>.V.L.L.*

A demandante fundamenta a súa petición en causas de forza maior, ante a imposibilidade de poder adquirir unha nova maquinaria ou recuperar a furtada e, por tanto, a imposibilidade de seguir desempeñando a súa actividade industrial.

SEGUNDO.- Pola Delegación Provincial da Consellería de xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña e, consonte ao sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 14 de marzo, e art. 9 do Real decreto 43/96, do 19 de xaneiro, comunicouse o inicio do expediente á entidade xestora da prestación de desemprego e recabouse o preceptivo informe da Inspección de Traballo, sendo este último do seguinte teor literal:

*“En relación a la petición de autorización administrativa presentada por la empresa T.S.C. para proceder a suspender el contrato de trabajo de una trabajadora por causa de fuerza maior se informa:*

*I.- La empresa basa su petición en un hurto de unos equipos de trabajo realizado por el proveedor de los mismos ante la falta de pago de los mismos.*

*II.- Esta causa en modo alguno puede considerarse como “fuerza maior” en los términos del art. 51 del Estatuto de los Trabajadores, y é llo por que lo que caracteriza la fuerza maior es el carácter imprevisible del suceso, o que previsto fuera inevitable, considerándose en la doctrina y en la jurisprudencia más común (tomando como base el art. 76.6 de la Ley de contrato de trabajo que señalaba que fuerza maior podían constituirla acontecimientos tales como la inundación, terremoto, rayo, incendio...) como acontecimientos totalmente ajenos al. devenir de la empresa. Así la STS de 16.5.95 que señala*

*que”... fuerza maior que comporta que el hecho determinante del incumplimiento de una obligación sea imprevisible o pudiera preverse fuera inevitable” Y en el mismo sentido la STS de 19.10.94 que reitera lo establecido en las STS de 5.4 y 7.6.1988 señalando que fuerza maior es “acontecimiento independiente de la voluntad del empresario, extraordinario, imprevisible o previsto pero inevitable.”*

*III.- En el supuesto que nos ocupa sería aplicable lo dispuesto en el art. 30 del Estatuto de los Trabajadores que señala que: Si el trabajador no pudiera prestar sus servicios una vez vigente el contrato porque el empresario se retrasase en darle trabajo por impedimentos imputables al mismo y no al trabajador, este conservará el derecho a su salario, sin que pueda hacersele compensar el que perdió con otro trabajo realizado en otro tiempo.*

*IV.- En resumen, no ha concurrido supuesto de “fuerza maior” por lo que se informa negativamente la solicitud (y el trabajador conserva su derecho al salario).”*

TERCEIRO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e da instrución oportunas dictou o 4 de xaneiro de 2002 a resolución que agora se impugna, onde na súa parte dispositiva resolveu: *DESESTIMAR a solicitude presentada pola empresa “T.S.C.”, sobre a extinción do contrato de traballo de dona M<sup>a</sup>.C.R.E., por non constatare a causa de forza maior invocada.*

Dito pronunciamento baséase nos FUNDAMENTOS XURÍDICOS SEGUNDO E TERCEIRO que, o seu teor literal din:

*SEGUNDO.- Que a vista do actuado no presente expediente así como do informado pola Inspección de Trabajo y Seguridad Social, non constátase a existencia de forza maior alegada pola empresa, polo que non estimase procedente acceder á petición formulada, de conformidade co establecido no artigo 51-12º do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 14 de marzo, polo que aprobábase o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e polo Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, polo que aprobábase o Regulamento dos procedementos de regulación de emprego, e lo por canto, o suposto roubo de dúas máquinas no centro de traballo, non é un feito que teña o carácter de extraordinario, imprevisto, ou previsto pero inevitable, e fundamentalmente alleo a vontade da empresa, circunstancia non constatada no presente caso, polo que non cabe a causa de forza maior solicitada.*

TERCEIRO.- Desestimándose a solicitude o non considerarse a causa invocada como de forza maior, e dado que esta Delegación Provincial carece de competencia para resolver o expediente por outras causas previstas no artigo 51 do Estatuto dos Traballadores, polo número de traballadores afectados (inferior a seis), poderán seguirse os trámites que se establecen nos seguintes artigos 52 e 53 de tal normativa legal, para a efectividade da extinción da relación xurídico-laboral pretendida.

CUARTO.- Contra a citada resolución, dona T.S.C. interpuxo o recurso de alzada citado no encabezamento, en tempo e forma no que, tralas argumentacións que considerou oportunas en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, pide que se dicte nova resolución pola que se estime a solicitude presentada.

QUINTO.- Do recurso deuse traslado pola delegación provincial a dona M<sup>a</sup>.C.R.E. para que, no prazo de dez días, formulase as alegacións que estimase pertinentes. Transcorrido dito prazo, non se recibiu alegación ningunha.

SEXTO.- De acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común, a delegación provincial remitiu a esta Dirección Xeral o escrito de recurso, xunto ao seu correspondente expediente e mailo seu preceptivo informe.

SÉTIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG 11.04.03) , Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores con relación ao Real decreto 43/96, do 19 de xaneiro e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- As alegacións feitas pola recorrente a través do recurso de alzada concréntanse na pretensión de que se considere forza maior o furto dunhas máquinas na súa empresa, ao que lle imposibilita para poder continuar coa súa actividade.

Con respecto a estas alegacións sinalar que tal suposto non pode considerarse en ningún caso forza maior, de xeito que, a efectos laborais, forza maior sería aquel acontecemento extraordinario orixinado por causas alleas ao propio círculo ou control da actividade, que á súa vez sexa imprevisto ou, previsto pero inevitable. En efecto, o concepto de forza maior, posúe un carácter catastrófico que exorbita por completo a vontade e a conduta das partes. A derogada Lei do contrato de traballo (Decretos de 26 de xaneiro e de 31 de marzo de 1944) orienta o concepto de forza maior ao definir como tal, circunstancias como incendio, inundación, terremoto, praga do campo, guerra, tumulto ou sedición. Trátase, de *“sucesos que non poideran preverse”, conforme ao artigo 1.105 do Código Civil, que “conveñen a feitos ... que, aínda non imposibles físicamente e, polo tanto, previsibles en teoría, non son dos que poida calcular unha conduta prudente atenta ás eventualidades que o curso da vida permite esperar”* (sentenza do Tribunal Supremo de 18.11.80 e outras). Este concepto de forza maior non se corresponde co suposto de furto alegado pola empresa.

Así, nesta instancia compártense os argumentos e os razoamentos recollidos na resolución dictada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña o día 4 de xaneiro de 2002 e que serve de fundamento a esta resolución, consonte o disposto no art. 89.5 da lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, así como do informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Así, polo anteriormente exposto, é polo que procede desestimar o recurso de alzada presentado e confirmar a resolución da Delegación Provincial desta Consellería en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados, de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por dona T.S.C. contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, no expediente de regulación de emprego nº 308/2001 e, en consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en tódolos seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulada por don I.B.B., en calidade de armador da empresa "P.M., S.L." contra a resolución de data 15.05.02, da delegación provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- En data 04.04.02, don I.B.B., en calidade de armador da empresa "P.M., S.L.", presentou na delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, solicitude instando autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico laborais da totalidade do cadro de persoal que integra a dotación do buque M., composto por seis traballadores, dende o 01.04.02 ata o 21.05.02.

A empresa fundamenta a súa petición en causas de "forza maior" ao ser detectado un anómalo desprazamento do costado Er. na zona de proa que, segundo a solicitude efectuada, detectouse despois de que o buque soportara unha travesía de tres días cun estado de mar arbolada e ventos de forza 7-8, e que a avaría supón unha falla de seguridade no mar para a tripulación.

Á devandita solicitude, acompáñase a seguinte documentación:

- Acta da reunión conxunta entre a empresa e os traballadores do Pesqueiro M. e na que consta a conformidade destes en relación co expediente presentado.
- Comunicación aos traballadores do inicio das obras.
- Certificado da Capitanía Marítima de A Guardia acreditando que o rol da embarcación M. está depositado na mesma desde o 01.04.02
- Certificado de Astilleros "J.C., S.L." acreditando que se procedeu á varada do buque pesqueiro M. para levar a cabo determinados traballos de reparación.

SEGUNDO.- Pola delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo e, consorte o sinalado no art. 51.3 do Real decreto

lexislativo 1/95, do 24 de marzo e 9 do Real decreto 43/96, do 19 de xaneiro, recabouse o preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social que, nos seus dous últimos parágrafos establece: “ *La empresa presenta el citado expediente amparada en causa de fuerza mayor, habiéndose pactado dicha medida con todos los trabajadores de la empresa.*”

*Esta Inspección Provincial de Trabajo considera, sin perjuicio de dar validez al acuerdo suspensivo, que la causa alegada no puede ser la de fuerza mayor, sino que por el contrario del propio expediente hay que observar que es la causa técnica, informándose de esta manera favorablemente dicho expediente, al que esa Autoridad Laboral dará fecha de efectos para la correspondiente declaración de situación legal de desempleo.”*

TERCEIRO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo dictou, en data 15.05.02 a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva RESOLVE: “Primeiro.- *Estimar en parte a petición formulada pola Empresa “P.M., S.L.” e, en consecuencia, autorizar a suspensión dos contratos de traballo dos 6 produtores da relación anexa (tripulantes do buque M.), non por forza maior, xa que non se dan os supostos previstos para iso, senón por causas técnicas, dende a data da presente resolución ata o 21 de maio de 2002.*”

Dito pronunciamento ten a súa argumentación nos razoamentos recollidos nos FUNDAMENTOS XURÍDICOS SEGUNDO, TERCEIRO E CUARTO, que son do seguinte teor literal:

*“Segundo.- Que o Real decreto 1/1995, non define o concepto de forza maior, polo que, ante este baleiro, hai que acudir á normativa xeral contida no art. 1.105 do código civil, que prevé como suposto de non responsabilidade contractual a denominada forza maior, que remite a todo acontecemento de carácter extraordinario que os contratantes non puideran prever ou que previsto fose inevitable.*

*Baseándose no dito, é evidente que as obras de reparación do buque M. non integran o concepto de forza maior, pois constitúen un acontecemento previsible que pertence ao ámbito propio da actividade da embarcación, tal como reiteradamente ten sinalado a xurisprudencia (Sent. T.S. 20.09.98, e 20.03.97).*

*Terceiro.- Que máis o disposto no parágrafo anterior, da documentación que consta no expediente e dado que existe acordo cos traballadores afectados, resulta debidamente acreditado que concorren causas técnicas que, ao abeiro do sinalado nos art. 47 do Real decreto lexislativo 1/1995 e 20 do RD. 43/1996, posibilitan a autorización para suspensión dos contratos de traballo dos 6 tripulantes do buque Monxo, dende a data da presente resolución (dada a imposibilidade de outorgarlle efectos retroactivos consorte co art. 15 do RD 43/1996) ata o 21 de maio de 2002.*

*Cuarto.- Que a exoneración da obriga de cotizar á Seguridade Social escapa da competencia desa delegación provincial, dado que o art. 214.2 en relación con disposición final sexta do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, non prevé a exoneración de cotas á Seguridade Social, nos supostos de suspensión de contratos, de redución de xornada, producidos a partir do 1 de xaneiro de 1994, polo que debe ser estimada en parte a solicitude”.*

CUARTO.- Contra dita resolución, don I.B.B. interpuxo o recurso de alzada citado no encabezamento no que, tralas consideracións e argumentacións que considerou máis conveniente en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, solicita que se dicte unha nova resolución que acorde deixar sen efecto a reclamación impugnada, estimando integramente a petición realizada pola empresa na solicitude de regulación de emprego coa expresa declaración de autorización da suspensión dos contratos de traballo por forza maior.

QUINTO.- Do escrito do recurso deuse traslado pola delegación provincial de Pontevedra en Vigo aos traballadores afectados polo expediente de regulación de emprego para que á vista do mesmo se formularan as alegacións que estimaran pertinentes no prazo de dez días; transcorrido dito prazo non se recibiu alegación ningunha.

SEXTO.- De acordo co establecido no art. 114 da Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a Delegación Provincial remitiu a esta Dirección Xeral o escrito de recurso, xunto co correspondente expediente e mailo seu preceptivo informe, que os tres primeiros parágrafos son do seguinte teor literal :

*“Que a causa de forza maior sustentada pola empresa é obrigado rexeitala, pois aínda que o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, non define tal concepto, non bargantes, ante este baleiro, hai que acudir á normativa xeral contida no art. 1.105 do código civil, que prevé como suposto de non responsabilidade contractual a denominada forza maior, que remite a todo acontecemento de carácter extraordinario que os contratantes non puideran prever ou que previsto fose inevitable. A avaría sufrida polo buque Monxo, así como as posteriores reparacións a que foi sometido nos estaleiros, non integran o devandito concepto de forza maior, xa que deben considerarse como un acontecemento previsible derivado da propia actividade da embarcación, tal como reiteradamente ten sinalado a xurisprudencia.*

*Que o propio informe da Inspección Provincial de Trabalo ven a corroborar os argumentos anteriormente expostos ao considerar que a causa motivadora do expediente debe ser técnica, e non de forza maior.*

*Esta delegación provincial, tendo en conta a existencia de acordo entre a empresa e os traballadores afectados, considerou axustado a dereito resolver o expediente suspensivo por causas técnicas”*

SÉTIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa, observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

## Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG do 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG do 11.04.03), en relación co Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da

Lei do Estatuto dos Traballadores, R.d. 43/1996, do 19 de xaneiro e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- As alegacións feitas polo recorrente a través do recurso de alzada presentado concréntanse na pretensión de que se considere como forza maior o suposto da avaría sufrida pola buque como consecuencia de soportar unha travesía de 3 días con un estado de mar arbolada e ventos de forza 7-8, ao producirse un anómalo desprazamento do costado Er. na zona de proa, xa que segundo o mesmo, a situación que da orixe ao presente expediente de regulación de emprego imposibilitano para seguir faenando e, por tanto, debe ser entendido como un suposto de forza maior, de xeito que debería dotarse de eficacia retroactiva á resolución de data 15.05.02, da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo.

Con respecto a estas alegacións hai que sinalar que tal suposto non pode considerarse como un suposto de forza maior, senón que debe reputarse como causa técnica, e isto polo seguinte:

En virtude da definición contida e segundo reiterada doutrina, a efectos laborais, forza maior é aquel acontecemento extraordinario orixinado por causas alleas ao propio círculo ou control da actividade, imprevisto ou, previsto pero inevitable, o que obviamente non se produce nos casos como o que nos ocupa, de reparación dun pesqueiro como consecuencia dunha avaría non habitual, salvo que esa avaría sexa producida como consecuencia dun axente totalmente alleo ao risco normal da explotación, suposto este que non se aprecia no caso examinado.

En efecto, o concepto de forza maior, causa alegada polo recorrente na regulación de emprego solicitada, refírese a un acontecemento que as partes non poideran prever, ou que, previsto non poideran evitar, de modo que o seu carácter catastrófico exorbita por completo a vontade e a conduta das partes. A derogada Lei do contrato de traballo (Decretos de 26 de xaneiro e de 31 de marzo de 1944) orienta o concepto de forza maior ao definir como tal circunstancias como incendio, inundación, terremoto, praga do campo, guerra, tumulto ou sedición. Trátase, de *“sucesos que non poideran preverse”, conforme ao artigo 1.105 do Código Civil, que “conveñen a feitos ... que, aínda non imposibles físicamente e, polo tanto, previsibles en teoría, non son dos que poida calcular unha conduta prudente atenta ás eventualidades que o curso da vida permite esperar”* (sentenza do Tribunal Supremo de 18.11.80 e outras). Este concepto de forza maior non se corresponde co suposto de avería alegado pola empresa, pois non se dan as notas de inimputabilidade, inevitabilidade, imposibilidade e causalidade suficiente, tal e como reiteradamente manifestou o Tribunal Supremo.

En efecto, o que singulariza a forza maior como causa de suspensión dos contratos de traballo, é constituír un acontecemento externo ao círculo da empresa, e como tal extraordinario, de todo independente da vontade do empresario respecto ás consecuencias que acarrea en orde á prestación do traballo (sentenza do Tribunal Supremo de 25.07.89). No caso que nos ocupa, non se pode estimar concorrente a forza maior, e isto toda vez que da documentación obrante no expediente non se desprende a concorrencia dese acontecemento externo ao círculo da empresa, imprevisible e de todo alleo á vontade do empresario, senón simplemente dunha avería sufrida no cigüeñal do motor propulsor, circunstancia que moi ben pode producirse dentro do que é o funcionamento

normal da empresa, sen que a isto afecte o feito de que o barco necesitara ser remolcado ata o porto por outro pesqueiro.

Así, os supostos de reparación como consecuencia de avarías non habituais que non teñan a súa orixe nun evento extraordinario e alleo, atópanse dentro do propio risco empresarial, sendo consecuencia do propio desenvolvemento da actividade debendo así conceptuarse como causas técnicas ou tecnolóxicas.

Así e polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar o recurso presentado ao non poder darlle favorable acollida ás alegacións realizadas en orde a revisión das causas que fundamentan o expediente do que trae causa e a modificación do contido da resolución dictada pola Delegación Provincial, debendo confirmarse a mesma en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso presentado por don I.B.B., en calidade de armador da empresa "P.M., S.L.", contra a resolución de data 15.05.02, dictada pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 43/02 promovido polo mesmo. E, na súa consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en tódolos seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 26 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don F.F.S., en calidade de Presidente do Consello Rector da entidade "I., Sdad. Coop. R. Ltda", contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña de data 22 de outubro de 2002 e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- En data 10.09.02, don F.F.S., en calidade de Presidente da empresa I., S. Coop. R. Ltda., dedicada a actividade de auxiliar de contratación naval-montaxe industrial, presenta solicitude na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, pola que insta a autorización para iniciar o procedemento de que se declare a situación legal de desemprego dos vinte e nove socios-traballadores da Sociedade Cooperativa, en virtude da actividade cíclica que caracteriza á Sociedade, alegando que a autorización que se solicita tería o carácter de "aberto", de xeito que, en cada momento se irían concretando os traballadores afectados, en función da carga de traballo da Cooperativa.



A empresa soe prestar servizos como auxiliar da construción naval para os esta-leiros de I. e E., entre outros e, aporta como acreditación da causa, certificación de I. e de M., ambas recoñecendo a prestación de servizos da solicitante como subcontratista, segundo as necesidades existentes.

A empresa achega diversa documentación en apoio da súa pretensión, que foi cumprimentada logo do requirimento efectuado pola Delegación Provincial desta Conse-llería.

SEGUNDO.- Con data 02.10.02, pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña e, consonte o sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e art. 9 do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, recabouse o preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sendo este do seguinte teor literal:

*“En relación con el expediente de regulación de empleo iniciado a petición de la empresa SOCIEDAD COOPERATIVA I., en el que solicita autorización para proceder a la suspensión de contratos de los 29 socios que componen la cooperativa, fundado en causas de producción, examinada la documentación obrante en el expediente y teniendo en cuenta las manifestaciones del asesor de la empresa, que compareció en estas oficinas a requerimiento de la inspectora actuante, se informa:*

*El art. 1 de R.D. 42/96, de 19 de enero por el que se amplía la protección por desempleo a los socios trabajadores de cooperativas de trabajo asociado en situación de cese temporal establece que se considerarán en situación legal de desempleo cuando, por causas económicas, tecnológicas o de fuerza maior, debidamente acreditadas, hayan cesado, con carácter temporal, en la prestación de trabajo.*

*Asimismo, el art. 51 del Real Decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Lei del Estatuto de los Trabajadores (BOE 29 de marzo), determina que se entenderán que concurren las causas productivas cuando la adopción de las medidas propuestas contribuya a garantizar la viabilidad futura de la empresa.*

*Por lo expuesto, se requiere la existencia de una causa debidamente acreditada y la garantía de la viabilidad futura de la empresa.*

*Con respecto a la causa aducida, la empresa se refiere, en la memoria explicativa, a la falta de pedidos de las empresas para las que suele trabajar como subcontratista, mencionando expresamente a I. y E., y aportando, como acreditación de la causa, certificación de I. y de M., ambas reconociendo la prestación de servizos de la solicitante, como subcontratista, de acuerdo con las necesidades existentes. No consta en el expediente documento alguno que indique la carga de trabajo existente con anterioridad a la solici-tud ni las previsiones futuras.*

*Por otra parte, la solicitud se hace con carácter “abierto”, es decir sin indicar ni los trabajadores ni los pedidos previstos de inactividad, lo que no está contemplado en la normativa vigente que regula la suspensión de las relaciones de trabajo.*

*En conclusión, de la documentación obrante en el expediente, no queda acredita-da la causa alegada.*

*Lo que se informa a los efectos oportunos”.*

TERCEIRO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, e do informe preceptivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social emitido en sentido desfavorable á solicitude presentada, a Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, dictou en data 22.10.02 a resolución que agora se impugna e que, na súa parte dispositiva RESOLVE: *Desestimar a petición de declaración de situación legal de desemprego dos vintenove socios traballadores pertencentes á empresa "I. Sdad. Coop. Ltda".*

Dito pronunciamento ten a súa argumentación nos razoamentos recollidos nos FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO, que, literalmente di o seguinte:

*"Que á vista da documentación aportada, así como do actuado no presente expediente, e especialmente, co informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, obsérvase, de que sen prexuízo de que a solicitude de suspensión de todos os socios-traballadores con carácter "aberto" e sen que na mesma tampouco se estableza unha data para o remate da mesma son circunstancias non contempladas na normativa vixente que regula a suspensións das relacións de traballo, non acreditase que a existencia das causas motivadoras formulada pola Cooperativa estean debidamente acreditadas documentalmente, non concorrendo por elo no presente caso, os requisitos establecidos no apartado segundo dos fundamentos de dereito da presente resolución para a declaración de situación legal de desemprego dos vintenove socios-traballadores, ao non terse constatadas as causas en que se basea a presente petición, polo que se procede a desestimar a petición formulada pola Cooperativa.*

*Sen prexuízo de que a Cooperativa solicitante poda formalizar unha nova solicitude adecuada á lexislación vixente en materia de desemprego no que se estableza un período de suspensión determinante, se constate a carga de traballo existente e se acompañe un plan de viabilidade futura".*

CUARTO.- Contra a citada resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento no que tralas consideracións e argumentacións que considerou máis axeitadas en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, solicitan se dicte nova resolución pola que se autorice á Coop. I. a apertura dun expediente de regulación de emprego que afectará aos traballadores que, en cada momento, queden sen traballo como consecuencia da falta de pedidos das empresas principais.

QUINTO.- De conformidade co preceptuado no art. 114.2 da lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Delegación Provincial remitiu o expediente e mailo seu preceptivo informe a este Centro Directivo.

SEXTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

## Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos

Sociais, Emprego e Relacións Laborais (DOG nº 72, do 11.04.03), R D. Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en relación co Real Decreto 43/96, que aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- A normativa aplicable ven determinada polo Real Decreto 42/96, do 19 de xaneiro, en relación co regulado no R.D. 1.043/1985, do 19 de xuño, no Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en relación co R.D. 225/1989, do 3 de marzo e a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo recorrente, debe sinalarse que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o contido da resolución de instancia, ao non reunir a solicitude de referencia os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

O artigo 107.3 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, establece expresamente a posibilidade de que se suspenda temporalmente a prestación de traballo cando se produzan causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción. Así mesmo, sinala que a asemblea xeral deberá, neste caso, declarar a causa, a necesidade e o tempo de suspensión, designando nominalmente aos socios afectados.

Así mesmo, e no suposto concreto que nos ocupa o artigo 2 parágrafo primeiro do Real decreto 42/1996, do 19 de xaneiro, establece expresamente que “para a declaración da situación legal de desemprego dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, nos supostos regulados no presente Real decreto, será necesario que as causas económicas, tecnolóxicas ou de forza maior en que se fundamenta dita declaración sexan debidamente constatadas pola autoridade laboral, previo informe preceptivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social, con arranxo ao procedemento establecido na Disposición final primeira.

Así a Disposición final primeira, relativa ao procedemento de declaración de situación legal de desemprego, que se remite ao Art. 4 do Real decreto 1.043/1985, do 19 de xuño, establece expresamente que xunto co escrito de iniciación se acompañe, entoutros dos seguintes documentos:

- Relación dos socios traballadores, dos que se solicita a declaración de desemprego, con indicación dos números de documento nacional de identidade, de afiliación á Seguridade Social, data de ingreso na cooperativa, especialidade, categoría ou grupo profesional e declaración expresa, no caso da suspensión total e/ou parcial da xornada, de cada un dos afectados sobre a duración da súa xornada de traballo durante os seis meses anteriores á data da solicitude.

Se os traballadores por conta allea da cooperativa estivesen afectados por un expediente de regulación de emprego, farase citación expresa do mesmo.

- Xustificación expresa da duración da suspensión solicitada, no seu caso.

Sen embargo, estes requisitos non se cumpren no presente suposto, por canto:

1º. En relación coa xustificación das causas de suspensión reiterar aquí o recollido integramente no informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e integramente transcrito no FEITO TERCEIRO da presente, e que de conformidade co disposto no Art. 89.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, sirve de fundamento á presente, non quedando constatada nin acreditada a causa que motiva a solicitude presentada. Así mesmo procede sinalar que das certificacións das empresas “I.C.N., S.A.” e “M.S., S.L.”, non se desprende cal era a carga de traballo que se viña subcontractando coa Cooperativa Iris nin as previsións futuras que garantan a viabilidade da empresa, requisito este último preciso para que se estime a concorrencia das causas de suspensión aducidas pola empresa, e isto de conformidade co sinalado no artigo 51.1 do Estatuto dos Traballadores.

2º. A solicitude faise con carácter “aberto”, é dicir, nin se indican os traballadores nin o período previsto de inactividade, suposto que non está contemplado na lexislación vixente. Se ben, a autoridade laboral podería operar con certa flexibilidade no tocante á relación nominal de traballadores afectados, sempre que se concrete o número así como a súa categoría, atendendo ás peculiares circunstancias derivadas da actividade propia da sociedade cooperativa solicitante, e en atención aos razoamentos esgrimidos a través do recurso de alzada presentado, e sempre facendo unha interpretación integradora do establecido no Art. 51 do E.T., e o Real decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos xunto co establecido na normativa específica para os supostos como o que nos ocupa antes referenciada; non se pode actuar do mesmo xeito no que se refire ao período de suspensión. En ningún caso cabe acceder ao carácter temporal aberto do expediente, xa que a lexislación neste punto é de todo punto incontestable ao esixirse sempre e en todo caso a xustificación expresa de duración da suspensión solicitada.

Isto é polo que, a vista dos razoamentos expostos non cabe acceder á petición que se formula, sen prexuízo de que a sociedade cooperativa poida formalizar nova solicitude axeitada á lexislación vixente en materia de desemprego, tal e como expresamente se fai mención na resolución de instancia que agora se recorre.

Así, vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinentes aplicacións, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don F.F.S. contra a resolución da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais na Coruña de data 22 de outubro de 2002, no expediente de regulación de emprego nº 119/02 e, en consecuencia CONFIRMAR a citada resolución en tódolos seus extremos.